



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE

FEBREIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día trece de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Asiste e non presente excusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2012.

Os concelleiros asistentes, por unanimidade, acordan deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Pleno. Sentenza 1/2012, de 13 de xaneiro de 2012, do Tribunal Constitucional. Recurso de inconstitucionalidade 71-2001. Interposto polo consello de goberno da comunidade autónoma de Andalucía en relación con diversos preceptos do Real decreto-lei 9/2000, de 6 de outubro, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental. Límites aos decretos-leis, distribución de competencias en materia de medio ambiente: nulidade do precepto que remite ao regulamento a regulación do procedemento de avaliación ambiental de determinados proxectos. Voto particular. Declarar a inconstitucionalidade do artigo único, cardinal dous, do Real decreto-lei 9/2000.

Desestimar o recurso en todo o demais. (Boletín Oficial do Estado número 36, de data do día 11 de febreiro de 2012).

- Real decreto-lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. (Boletín Oficial do Estado número 36, de data do día 11 de febreiro de 2012).

- Anuncio de exposición ao público e aprobación inicial do orzamento do Consorcio As Mariñas para o ano 2012. (Boletín Oficial da Provincia número 28, de data do día 9 de febreiro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a selección de Cambre de fútbol-sala en categoría infantil se proclamou campiona galega.

Así mesmo, informa que este fin de semana terá lugar a final do campionato galego de sóftbol-indoor –deporte escolar- no polideportivo de Cambre.

A continuación, informa respecto da reparación da avaría do grupo electrógeno Once Caballeros, e comenta que esta reparada provisionalmente, se enviou o presuposto asinado a Instelec para que cambie a bomba de gasóleo e o importe de reparación é de 620.49 euros, se pediu a bomba ao fabricante do xerador e ata a próxima semana non chegará.

A seguir, informa respecto da limpeza das oficinas de deportes na Barcala, Cambre, que continúan sen limpar.

Así mesmo, manifesta que os uniformes dos conserxes das instalacións deportivas e técnicos de deportes están pendentes dos orzamentos definitivos para así poder pedilos.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro do ano que andamos deu conta da concesión da prórroga da subvención do PAC destinada á subsanación das deficiencias da piscina do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Balado ata finais do 2012 e que o importe da subvención ascende a 30.000 euros, di, que o importe en realidade é de 26.822,26 euros.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que remataron cinco cursos de formación, catro de redes sociais e un de prevención de riscos laborais. Comenta que os citados cursos tiveron grande éxito, segundo a opinión dos alumnos.

A continuación, informa que xa esta preparada a ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre para a súa aprobación polo Pleno municipal.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se inscribiu para asistir á xornada urbanística para cargos electos que terá lugar na EGAP.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que estivo con técnicos da Deputación e tamén cos municipais visitando todas as estradas pertencentes á Deputación, vendo cousas que teñen que facer, entre elas, algunhas demandas de veciños e de partidos políticos. Hoxe están aglomerando en Cambre, onde está situado o Bar Manolo, no fondo está bastante mal; utilízase aglomerado en frío. Están a pintar a estrada da Rocha a Cambre e van a facer aí un paso de peóns e unha parada de bus, que se instalará pola rúa que sube cara ao colexio, xunto á entrada.

A continuación, tamén informa que se vai a amañar con aglomerado a entrada ao instituto de Sigrás, instalar un paso de peóns e sinalizar. En Andeiro, na estrada que vén de Tabeaio, non tiñan previsto facer nada dende as sendas peonís e comenta que lles pediron para que se pintaran as marxes da estrada, dado que hai problemas cos vehículos. O concello colocará bolardos.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que tamén está a estudar realizar as sendas da Patiña a Brexo e estivo vendo os problemas que podía haber, onde as casas están metidas na estrada e cre que se solucionarán os problemas cos propietarios. Tamén no Espírito Santo, lles dixeron de poñer sinais máis grandes. Pintaron un paso de peóns na estrada do Espírito Santo a Fraís. Comentaron se se podían colocar sinais luminosos nos

pasos de peóns, como por exemplo na Barcala, pero parece que son moi caros, como uns 2.000 euros. Solicitará presuposto para saber canto custaría colocalos en sitios que sexan moi perigosos.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que se vai celebrar o luns de entroido na Barcala e en Brexo-Lema. Na Barcala, organizan as dúas asociacións de vecinos e en Brexo-Lema tamén organiza a asociación de veciños. O martes día 21 de febreiro haberá festa infantil de disfraces no polideportivo de Cambre.

A continuación, informa que na festa do sábado de entroido se aforrarán 8.000 euros respecto do orzamento do pasado ano; reducíuse un pouco a contía dos premios e das actuacións musicais. Cobrarase a cantidade de tres euros por bocadillo e bebida.

Para finalizar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que se inaugurou a exposición de Suso Talento “A cor do outono na ribeira sacra”.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe estivo visitando o local de 200 m² situado na Barcala que queren ceder á Cruz Roja. Manifesta que Cruz Roja solicitará unha subvención á excma. Deputación provincial da Coruña e aquí en Cambre desenvolverá os programas que máis necesitamos tales como acompañamento a hospitais, será como un complemento das necesidades máis grandes de Servizos Sociais en temas como axuda a domicilio, banco de alimentos, etc. Intentarase que as necesidades que non poida cubrir Servizos Sociais se poidan realizar pola Cruz Roja.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que esta semana foi xunto con dona Maria Jesús González Roel, concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, á Consellería de Sanidade, a fin de informarse en canto á construción do centro de saúde do Temple e da posibilidade de instalar unha farmacia na Barcala. Segundo lle manifestaron, cren que estará concedida pronto e o notificarán o máis axiña posible.

A continuación informa que se vai a dividir a sala de espera no centro de saúde do Temple, co obxectivo de que os nenos non estean coas persoas maiores. O Concello asumirá os



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

custos de pintura. Falouse tamén dos horarios dos pediatras. No centro de saúde do Temple polas tardes non teñen pediatra e quedaron en estudar unha reubicación e adaptar os horarios entre os dous pediatras que están en Cambre para que no Temple poidan ir dúas ou tres tardes.

Respecto do tema do centro de saúde do Temple, solicitou que lle deran o anteproxecto para poder presentalo así ao resto dos membros da corporación municipal, pero ata marzo, coa aprobación dos orzamentos, non se pode saber nada.

Esta semana estivo coa directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia e preséntoulle un proxecto económico e de deseño da ampliación da ponte do Burgo para que o poidan examinar tendo en conta o proxecto que fixera a Xunta. No proxecto que lles levou, propónlles eliminar as beirarrúas, facer tres carrís e facer unha senda peonil colgante arrimada á ponte de 1,80 m. Pareceulles unha boa solución dado que non aumenta o custo, segue a ser a mesma cantidade. Esta semana chamaranlle para darlle o proxecto definitivo e posteriormente realizar a contratación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria


Manuel Rivas Caridad


María Luisa de la Red Ampudia